CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiáns, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	Comprender cando menos o 50% do esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.	PE	35
CA1.4 - Comprender descrições, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Facer un uso responsable das fontes de información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Redactar e difundir textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros de léxico, morfosintaxe...		
CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección alto (75%) formularios e documentos básicos.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Ser quen de utilizar coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para inferir significado. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA1.3 - Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Aplicar algunha das estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados, en situacións comunicativas cotiás para inferir significados.		
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Facer un uso responsable das fontes de información.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.	Expresar oralmente textos intelixibles e comunicativos, facendo un uso eficaz dalgúns recursos verbais e non verbais, así como dalgunhas estratexias.	TI	65
CA1.7 - Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.	Producir textos comprensibles aínda que se cometan algúns erros e empregar algunha das estratexias adecuadamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Ter consciencia da totalidade das estratexias, aplicalas na súa maioría eficazmente.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Facerse comprender e comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves e sinxelas. Mostrar sempre respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Interaccionar eficaz e axeitadamente cando menos no 50% das veces.		
CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Utilizar as estratexias adecuadas cando menos no 50% das comunicacións.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Explicar textos e conceptos breves e transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de comprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Participar eficazmente na solución de problemas de comprensión, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Comparar e argumentar, cando menos, similitudes e diferenzas claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas...).		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Valorar positivamente a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar habitualmente nos proxectos, rexeitando o 100% dos estereotipos discriminatorios e prexuzosos. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Amosar empatía e respecto en todas as situacións interculturais. Rexeitar o 100% dos casos de discriminación e prexuízos. Recoñecer os valores ecosociais como vías de solución.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber identificar aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais da competencia lingüística e da competencia cultural. Valorar o plurilingüismo como salvagarda das especificidades culturais.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Valorar criticamente as manifestacións culturais dos países nos que se fala a lingua francesa, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).

Contidos

- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.í).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumnado como usuario da lingua. Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, solicitamos información, expresamos opinións...) e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

As liñas xerais de actuación serán as seguintes, e forman parte de cinco bloques de contido:

- Bloque 1: (B1) Comprensión de textos orais
- Bloque 2: (B2) Produción de textos orais
- Bloque 3: (B3) Comprensión de textos escritos

- Bloque 4: (B4) Produción de textos escritos
- Bloque 5: (B5) Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe
- A produción oral se traballará fundamentalmente mediante a realización de jeux de rôle, o uso do francés como lingua de comunicación na aula, intercambios orais entre profesor e alumnos e a realización de pequenos xogos. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Se insistirá en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesorado e cos compañeiros/as. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfiren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.
- A comprensión oral se traballará mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais breves e sinxelos. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que o alumnado poida volver a escoitalos na casa se o desexan. Moitos/as alumnos/as desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, escoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesorado utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumnado á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.
- A comprensión escrita. É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global. A produción escrita é quizais a destreza máis difícil xa que poden ter tamén dificultades para expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto o alumnado deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas. A aprendizaxe da gramática e do léxico. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introdúcese en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os/as alumnos/as realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula. Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos previos do alumnado noutras linguas. Para procurar o dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible. Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumnado sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, plantexar os obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.
- Fomentarse a reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Trátase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Dedicarase tempo á lectura de textos de diferente tipo, adaptados ao nivel de lingua do alumnado, coa finalidade de promover a comprensión lectora e o uso da información.
- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Proponerse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.
- Ante a posibilidade de realización de intercambios con centros educativos estranxeiros, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.
- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se

están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia. Nesta liña, a lingua francesa será abordada na aula dende un enfoque comunicativo e intercultural, coa finalidade de lograr non só a competencia comunicativa do alumnado en todos e cada un dos seus ámbitos (comprensión e expresión orais e escritas) senón tamén coa finalidade de formar cidadáns e cidadás capaces e reflexionar sobre os mecanismos de uso das diferentes linguas que coñecen, de interpretar e valorar as semellanzas e diferencias lingüísticas e culturais existentes entre as realidades representadas por esas linguas e de valorar a identidade propia a partires do recoñecemento doutras realidades.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Jeu de Mots Plus 3
Cahier de l'élève (Libreta adaptada ás instrucións explicadas o primeiro día)
Documentos auténticos
Material de elaboración propia
Páxinas web vinculadas ao FLE
Diccionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Probas tipo DELF e outras certificacións
Aula virtual

-No día a día empregaremos o libro de texto Jeu de mots + 3, da editorial Vicens Vives para as actividades e os textos, xunto coa aula virtual de clase para reproducir vídeos ou completar contidos dun xeito máis específico.

- A libreta será utilizada para facer exercicios e engadir contidos explicados na clase.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Wordwall, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permítelle ao profesorado establecer o perfil da súa clase e axustar o seu proxecto pedagóxico. Nas dúas primeiras semanas do curso, pediráselle ao alumnado que cubra uns cuestionarios con contidos de anos anteriores, sobre diferentes aspectos lingüísticos e culturais relativos á francofonía. En base aos resultados tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas a seguir no curso. Faranse tamén probas que mostren as súas habilidades comunicativas escritas e orais, habilidades sociais e oratorias, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Proba escrita	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación continua e sumativa:

A avaliación do alumnado deberá ser continua, nun proceso no que a súa propia participación (a autoavaliación) terá un papel importante. Atenderáse ao desenvolvemento de capacidades e ao esforzo e traballo individual e colectivo desenvolvido así como á consecución dos obxectivos propostos.

A avaliación sumativa axúdalle ao alumno a medir os seus progresos e a identificar os seus puntos fortes e débiles. Cando se trata de medir competencias de comunicación, a comunicación é a prioridade: nas primeiras fases, a corrección formal está ao servizo da mesma e non é un fin en si mesma. Desta maneira, en determinadas actividades poderá obter mellor resultado un

alumno que cometa faltas por «arriscar» que un que non comete erros, pero que non envía unha mensaxe auténtica. Unha certa corrección formal e o respecto das normas lingüísticas básicas é necesaria para garantir a comprensibilidade e a precisión da mensaxe. Con tarefas específicas, o profesorado axudará ao alumnado con dificultades para que alcancen o nivel que estime necesario para a súa integración no grupo e na dinámica da clase. Ó tomar en consideración no momento de avaliar as diferentes competencias por separado, así como os diferentes modos de aprender, axudará a «equilibrar» o grupo, dando a súa oportunidade á maior parte de alumnas/os posible. A avaliación continua non está concibida para castigar, senón para animar, estimular.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas), así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestes niveis de debutantes a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos os xeitos, dado que no contexto escolar é necesaria unha avaliación sumativa, establecemos os seguintes criterios:

A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e compañeiras e coa profesora. Pode tamén establecerse unha proba específica individual, atendendo ós obxectivos de cada unidade: saber presentarse, dicir onde se vive, falar da familia, etc., na que se avaliará a corrección formal, a pronunciación, a soltura; en resumo, a capacidade de que a mensaxe se transmita correctamente.

A comprensión oral avaliaráse cunha proba de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber responder ás mensaxes da profesora ou dos compañeiros/as.

A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios adecuados a cada nivel: descubrir erros, completar imaxes, sinalar persoas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.

A expresión escrita avaliarase con exercicios a través dun modelo (enquisa, pregunta- resposta, fichas, etc.), redacción de textos sinxelos (descricións, cartas ou correos electrónicos, etc.), adecuados a cada nivel.

A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios de pregunta-resposta, encher ocios, separar palabras, completar frases a partir de imaxes, etc.

TIPOS DE AVALIACIÓNS

AVALIACIÓN CONTINUA:

A avaliación desta materia é continua. Polo tanto, malia que a nota final poida ser unha media das tres avaliacións, e non haxa probas de recuperación durante o curso, non se poderá aprobar o curso se non se superan os contidos no terceiro trimestre. Non se fará media das tres avaliacións se non está aprobada a terceira.

Dado que os contidos son progresivos e se reutilizan dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, (25% + 35% + 40%) o que serve de recuperación. Non se realizarán exames de recuperación das distintas avaliacións, senón que cada avaliación enténdese como recuperada se se aproba a avaliación seguinte.

AVALIACIÓN ORDINARIA:

Cando un(ha) alumna/o non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba escrita final de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Observación na aula :

-ORAL: Frecuencia na participación oral . Uso da lingua oral na aula: estratexias de comunicación alternativas cando non se conocen palabras ou formas, por exemplo preguntar vocabulario, facer perifrases, buscar sinónimos, explicar con xestos... sen medo os erros.

-TRABALLO EN GRUPO: Participación activa e respetuosa nos grupos de traballo.

-TRABALLO INDIVIDUAL: Corrección e realización puntual das tarefas propostas no caderno, das fichas e dos traballos. Corrección (ortográfica, gramatical , sintáctica e comunicativa) na realización dos exercicios dirixidos e creatividade na realización dos exercicios libres.

2. Probas obxectivas:

En cada trimestre poderán realizarse na aula probas obxectivas dos contidos mínimos para acadar os obxectivos establecidos. Realizarase mínimo 1 proba obxectiva por trimestre, quedando ao criterio do profesor realizar máis se así o considera oportuno. Poderán ser orais como escritas.

3. Tarefas:

Realizaranse algunhas tarefas na casa e na aula tanto escritas como orais: traballos, actividades de redaccións (escribir unha carta ou un e-mail), de descrición, exercicios de ampliación... que serán valorados de xeito positivo ou non no caso de non ser entregadas en prazo polo alumnado.

4. Traballo na aula:

Tomarase en conta o comportamento do alumnado: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e prazo.

5. Outros instrumentos

- A asistencia a clase co material requirido e boa disposición.

- A participación activa e unha actitude correcta en clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.

- O interese e a actitude fronte á materia e con respecto á docente e ao resto do grupo.

- Rúbricas e escalas de avaliación

En canto ás Actividades de avaliación propiamente ditas, os controis escritos serán, polo menos, un por trimestre. Estes poderán ser puntuados de forma variada, segundo o criterio da profesora, agora ben, o alumnado coñecerá o resultado numérico desa puntuación así como a equivalencia no sistema tradicional de valores entre 1 e 10 puntos. Ao final do trimestre tamén darase a coñece-lo resultado das notas destes controis en referencia á nota xeral da

avaliación.

No caso de facer varios controis escritos, poderá valorarse máis o último, por considerar que abarca máis materia e implica maior dificultade. En todas estas probas incluíranse contidos das unidades anteriores, sobre todo no que á competencia lingüística refírese.

No caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando na realización dun exame, este suspenderá directamente esa avaliación. Para recuperar dita avaliación terá a posibilidade de repetir un exame similar na avaliación seguinte. Gardarase a nota deste exame para o cálculo da nota media final da materia. Se o alumno ou alumna é sorprendido copiando no exame na terceira avaliación, o alumno terá que ir ao exame final de recuperación de toda a materia.

Faranse ademais controis puntuais na clase de vocabulario, verbos, fichas de comprensión, ditados, pronunciación, diálogos e lectura. Estas probas serán puntuadas seguindo o criterio do profesor ou da profesora, sendo cada unha delas un instrumento de avaliación continua e significativo para valorar o proceso de aprendizaxe de cada un dos alumnos.

Considerarse como comportamentos "negativos, a falta de traballo na aula, a ausencia de material de traballo, a non realización das tarefas, a interrupción do normal desenvolvemento da clase, faltas de respecto, falta inxustificada a clase, etc. Para poder aprobar o trimestre, o alumnado terá que obter unha nota mínima, nos controis escritos, de 3 puntos sobre 10. Consideramos aprobado a nota numérica de 4,5.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN para 4º ESO son os seguintes:

- 10% esforzo, progresión e participación activa na aula.
- 10% comprensión escrita
- 10% expresión oral
- 10% comprensión oral
- 10% expresión escrita
- 50% contidos gramaticales

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas impartidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica, os cales se poden ver no apartado 3.1 da programación. Así teríase o seguinte:

1ª AVALIACIÓN: 25 x NotaUD1 /100

2ª AVALIACIÓN: 35 x NotaUD2 /100

3ª AVALIACIÓN: 40 x NotaUD3 /100

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria= $(25 \times \text{Nota}_{1ª \text{ aval}} + 35 \times \text{Nota}_{2ª \text{ aval}} + 40 \times \text{Nota}_{3ª \text{ aval}})/100$

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, deberá modificarse a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar a terceira avaliación non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.

d) Realizadas as probas e tarefas descritas no alinéa c), observaranse as cualificacións máis elevadas para cada destreza de entre as realizadas ao longo do curso e as realizadas na avaliación ordinaria, de cara a calcular a cualificación nesta avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de Segunda Lingua Estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe colaboración co Departamento de Orientación será especialmente estreita no caso de alumnado con necesidades educativas especiais.

b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.

c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.

d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

A primeira medida será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Terase como obxectivo que todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e alcance o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese. Para isto, o profesor terá en conta o progreso do grupo pero tamén o progreso individual de cada alumno ou alumna, prestando especial atención aos alumnos que presenten dificultades, proporcionándolles as explicacións que necesiten e facilitándolles material complementario. Así mesmo, o profesor proporcionará aos alumnos que o soliciten actividades de ampliación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X
ET.2 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Comprensión de lectura.	X	X	X
ET.4 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.9 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, tamén afectivo-sexual.	X	X	X
ET.12 - Educación para a sostenibilidade e o consumo responsable.	X	X	X
ET.13 - Concienciación sobre o cambio climático.	X	X	X
ET.14 - Cooperación entre iguáis.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro en francés.	De haber oferta, acudirase ver algunha obra teatral en francés ou película en VOS.	X	X	X
Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE	No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento orientará e axudará ao alumnado na preparación das probas de certificación do DELF Scolaire A2, B1 ou B2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MEQR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas	O departamento poderá propor a realización de actividades diversas para conmemorar datas relacionadas coa cultura francesa ou coa francofonía, como poden ser La Chandeleur, La semaine de la francophonie, La fête de la musique, etc.	X	X	X
Viaxes culturais	O departamento está aberto á organización e/ou participación en viaxes culturais que se consideren de interese para o alumnado e poidan favorecer a súa formación.		X	X
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua francesa e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.	X	X	X

Observacións:

A finalidade das actividades complementarias e extraescolares do Departamento de francés será coñecer, mediante experiencias lúdico-educativas, outros aspectos culturais, contextualizalos, experimentalos en primeira persoa, e fomentar así non so a importancia da aprendizaxe dunha lingua estranxeira (e o seu contexto real) sinón tamén permitir e potenciar no alumnado o desenvolvemento das súas capacidades e a mellora de competencias tales como a comunicativa, a dixital, a de aprender a aprender, o sentido da iniciativa, o traballo en equipo, a conciencia cultural e o espírito emprendedor. Tamén se terá en conta a actitude do alumnado fronte a estas actividades, fomentando o seu comportamento cívico, o respecto entre iguais e cara ás culturas estranxeiras, o respecto polo material tanto do centro como dos/as compañeiros/as, a actitude positiva ante tarefas prácticas fóra da aula, e a correcta colaboración entre alumnos/as nos traballos en grupo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo é axeitado.
A secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos é axeitada.
A secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos á axeitada.
O grao mínimo de consecución fixado para cada CA é axeitado.
O peso asignado a cada CA na cualificación é axeitado.
A vinculación de cada CA aos instrumentos para de avaliación é axeitada.

Os resultados da avaliación foron os esperados.
Os criterios establecidos para a avaliación (inicial, final e continua) foron axeitados.
Os programas de apoio e os criterios de recuperación foron axeitados.
Os criterios establecidos para o seguimento e a avaliación de materias pendentes foron axeitados.
As actividades complementarias previstas desenvolvéronse segundo o esperado.
Metodoloxía empregada
A estratexia metodolóxica fixada foi axeitada.
Adecuación do libro de texto.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse o ambiente de traballo esperado, fomentouse o interese e a participación do alumnado.
Os materiais didácticos empregados foron axeitados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Os mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción e instrumentos e criterios de avaliación foron axeitados.
Fíxose un seguimento adecuado da programación ao longo do curso e revisáronse os elementos necesarios.

Descrición:

Esta programación é un documento flexible suxeito a cambios, xa que se sitúa no centro de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Polo tanto, ao longo de todo o curso, nas diferentes reunións de departamento e, especialmente, despois de cada avaliación, reflexionárase sobre a práctica docente, coa finalidade de identificari posibles problemas no cumprimento da programación e propoñer modificacións, solucións ou ideas que revertan na mellora da práctica docente e na consecución dos obxectivos previstos. O contido desta programación reformularase como mínimo despois de cada avaliación e, de forma xeral, sempre que se estime necesario para que o alumno prograse na súa competencia comunicativa.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente empregárase como instrumento unha táboa de avaliación da programación didáctica que incluírá os indicadores de logro descritos nesta programación e valorará o seu grao de consecución.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso nas diferentes reunións de departamento, ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grado de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. O seguimento da programación realizarase mensualmente en reunión de Departamento.

Para avaliar a programación didáctica empregaranse os seguintes instrumentos:

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixiadas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa da educación secundaria obrigatoria. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.			X
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros.		X	
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	
Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030.	Participación no programa Galicons-net, Plan Proxecta curso 2022/23.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A programación é pública.Os contidos, temporalización e resultados son coherentes coa programación
Metodoloxía empregada
Existe un número amplo de aprobados, existen medidas de recuperación e de atención á diversidade
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
As aulas organizanse como parte teórica e práctica, ou en grupos, poderando tempo de actividade, explicación

Medidas de atención á diversidade
Elabora medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	4º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	27
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

O CENTRO

O I.E.S. María Sarmiento é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. Situado no concello de Viveiro ao norte da provincia de Lugo e pertencente á Comarca da Mariña Occidental.

Segundo as cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2017 (datos obtidos do Instituto Galego de Estatística) Viveiro tiña 15550 habitantes nesa data. É o terceiro concello con máis poboación da provincia de Lugo por detrás de Lugo e Monforte de Lemos.

No tocante á situación socioeconómica do alumnado, dicir que a maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano de O Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos do Vicedo, Oulol, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

O IES MARÍA SARMIENTO conta con comedor e transporte escolar e está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

- EDIFICIO A: Administración do centro, sala de profesores, despachos dos cargos directivos e orientación, aulas de ESO e do ciclo de Administración, Informática, laboratorio de ciencias e aula de tecnoloxía.

- EDIFICIO B: Biblioteca, aulas de informática, aulas de ESO e de FP Básica, laboratorio de física e química.

- EDIFICIO C: Aulas de música e plástica, FP Básica de mantemento de vehículos e talleres dos ciclos de electricidade e de transporte e mantemento de vehículos.

- EDIFICIO D: Aulas de ESO e BAC, talleres de soldadura e aula técnica, talleres de carrozaría e aula técnica.

- EDIFICIO E: Aulas de bacharelato, FP Básica de Mantemento de vehículos, cociña e comedor escolar.

- A maiores, o DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA, previa petición ao Concello utiliza o pavillón POLIDEPORTIVO MUNICIPAL de Viveiro e tamén ten a súa disposición á utilización puntual do campo de herba artificial "Marcos Gómez"

Centros adscritos

- CEIP de Celeiro
- CEIP do Vicedo
- CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo

Ensinanzas que oferta o centro no presente curso

A. Dentro do réxime xeral:

- Educación Secundaria Obrigatoria cos un Programa de diversificación curricular en 3º da ESO dun ano académico.

- Programas de Formación profesional básica de Mantemento de vehículos e de Servizos administrativos.

- Ciclos formativos de grao medio: Xestión administrativa, Soldadura e caldeiraría, Instalacións eléctricas e automáticas e Electromecánica de vehículos automóbiles.

- Ciclos formativos de grao superior: Administración e finanzas, Automoción e Sistemas electrotécnicos e automatizados.

- Bacharelatos nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.

B. Dentro do réxime de ensinanzas de adultos

- ESA Nivel III, módulos I, II, III e IV

- Ciclo formativo de Xestión administrativa modular e este ano sumouse un ciclo de PESCA na modalidade dual.

- Bacharelatos nas modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais.

O noso centro conta cun total de 750 alumnos e alumnas (este dato é aproximado posto que hai matrículas sen cerrar).

Nº DE GRUPOS NO CENTRO:

No relativo aos grupos de ESO e BACHARELATO, o noso centro ten:

- 1º ESO: catro grupos
- 2º ESO: tres grupos
- 3º ESO: catro grupos (un deles PDC)
- 4º ESO: catro grupos (un deles PDC)
- 1º BACHARELATO: dous grupos
- 2º BACHARELATO: dous grupos
- 1º BACHARELATO réxime adultos: un grupo
- 2º BACHARELATO réxime adultos: un grupo

CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS:

O número de alumnado por grupo oscila entre as 24 e 27 persoas o que segue sendo DEMASIADO NUMEROSO se atendemos a todo o currículo que temos que impartir. Temos alumnado con necesidades específicas, algúns deles con persoal de apoio nas aulas, outros que alternan a estancia na aula co grupo de referencia e a estancia nas aulas de pedagogía terapéutica e alumnado con escolarización combinada.

Dentro do programa de alerta escolar hai alumnado con diversas patoloxías. O profesorado pode coñecer as mesmas a través dun libro-informe.

CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS PARA DESENVOLVER A MATERIA NESTES CURSOS:

- Ximnasio: Instalación pequena apta para a impartición de contidos de expresión artística, xogos populares, acondicionamento físico, etc. Non é axeitada para a ensinanza de deportes de equipo.

- Pavillón "Antonio Tarrío": compartido co IES VILAR PONTE. Neste curso escolar dispoñemos dos MARTES e XOVES. Instalación apta para o ensino de todo tipo de deportes

- Pavillón Municipal de Viveiro, que utilizamos ao longo da semana apto para o ensino de todo tipo de deportes.

- Uso puntual do campo de herba artificial "Marcos Gómez"

CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA:

Dispoñemos dunha contorna privilexiada que o departamento de EF utiliza de xeito reiterado. Estamos a falar de zonas anexas ao centro como: PARQUE PERNAS PEÓN, PASEO MARÍTIMO, CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO, ...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	3-2-1... EMPEZAMOS!!	Repaso aos fundamentos básicos que debemos coñecer sobre a actividade física, a saúde e o noso corpo. Conceptos como frecuencia cardíaca, zona de actividade, educación postural, alimentación ou recomendacións da OMS sobre o exercicio físico, teñen cabida nesta unidade didáctica	10	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	SUPERÁNDONOS!!	Planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas e sistemas de adestramento. A saúde mental (imaxe corporal) e social tamén teñen protagonismo nesta unidade. Partiremos dunha análise dos datos DAFIS e a partir deles tentaremos superarnos...	20	15	X	X	X
3	AQUÍ CABEMOS TOD@S!	Dende deportes alternativos ata xogos tradicionais ou actividades circenses. Unha proposta para salir das actividades deportivas convencionais para que o alumnado sexa quen de ver todas as posibilidades que rodean ao exercicio físico. Tamén prestaremos atención a actividades con base musical ou de expresión corporal.	15	11	X	X	X
4	DE PAS E RAQUETAS	O deporte do bádminon xunto co tenis de mesa son os protagonistas nesta UD. Os deportes de adversario con pas e raquetas desenvolven unha motricidade específica que queremos que o alumnado traballe.	10	10	X	X	X
5	DE OLIMPIA A VIVEIRO	Partindo do coñecemento básico do que son as olimpíadas, o alumnado fará a súa propia versión formando equipos e competindo pola "gloria olímpica". Buscaranse actividades orixinais no que todo o alumnado e a súa motricidades diversa teña cabida e protagonismo. Todos e todas participarán e velarán polo respecto ás normas.	10	5		X	X
6	SOMOS UN EQUIPO!	Traballaranse os contidos de Interacción social e resolución de problemas en situacións motrices a través de distintos deportes de equipo. O balonmán, baloncesto, voleibol, rugby-tag,poden ter cabida nesta UD	20	15	X	X	X
7	SEN RUMBO FIXO	Diseño e organización de actividades físicas no medio natural e urbano. Aquí poden ter cabida dende actividades de orientación ata diversas actividades coa bicicleta, sen olvidar que o espazo urbano ten moitas posibilidades para a práctica física	10	5			X
8	SALVANDO VIDAS!!	Cada persoa é quen de salvar unha vida aplicando os primeiros auxilios. Traballaremos dende situacións básicas en accidentes deportivos ata situacións máis complexas como a práctica de RCP ou a utilización dun DESA.	5	3		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	3-2-1... EMPEZAMOS!!	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Recoñecer elementos básicos para a práctica deportiva: quentamentos, frecuencia cardíaca, recomendacións da OMS para telos en conta nunha práctica física saudable	PE	30
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Coñecer a existencia de aplicacións e recursos dixitais para o desenvolvemento da práctica física		
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Trasladar de xeito efectivo á práctica os coñecementos sobre dosificación de esforzo, hixiene e hixiene corporal	TI	70
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Respecto aos compañeiros e compañeiras independentemente das súas características.		
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Actuar respectando os protocolos básicos		
CA2.2 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte		
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual e cooperativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación do proceso.		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer e aplicar as normas básicas de seguridade na práctica físico-deportiva		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Organizar, practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Respectar a todos os compañeiros e compañeiras en calquer momento da práctica física independentemente do seu nivel de competencia motriz		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes dos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas, identificando factores que contribúen ao seu mantemento e difundindo referentes de distintos xéneros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Alimentación saudable. - Educación postural: movementos, posturas e estiramientos ante dores musculares. - Coidado do corpo: quecemento específico autónomo. - Prácticas insás perigosas, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física. - Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Suplementación e dopaxe no deporte. - Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo. - Planificación e autorregulación de proxectos motores: <ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices. - Capacidades volitivas e de superación. - Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices. - Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte. - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica. - Exemplos de deportistas de Galicia de distintos sexos, idades e outros parámetros de referencia.

UD	Título da UD	Duración
2	SUPERÁNDONOS!!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Planificar e autorregular a práctica de actividade física orientada ao estilo de vida activo, segundo as necesidades e os intereses individuais e respectando a propia realidade e identidade corporal.	PE	30
CA1.2 - Incorporar de forma autónoma os procesos de activación corporal, autoavaliación, autorregulación e dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Incorporar de xeito eficaz á práctica física a regulación dos esforzos, a hixiene e as rutinas propias para un exercicio saudable.	TI	70
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Adoptar actitudes contrastadas e comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, ao xénero e á diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde.		
CA1.4 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte		
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Ser capaces de desenvolverse de acordo cos protocolos en caso de situacións de emerxencia		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte		
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación do proceso e do resultado		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar nas actividades propostas e ser capaz de colaborar nos distintos roles que poden aparecer		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer e aplicar normas básicas de seguridade para unha práctica física segura		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Organizar, practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Respecto a todo o alumnado independentemente da competencia motriz de cada persoa		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes dos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas, identificando factores que contribúen ao seu mantemento e difundindo referentes de distintos xéneros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Control de resultados e variables fisiolóxicas básicas como consecuencia do exercicio físico. - Autoavaliación das capacidades físicas (como requisito previo á planificación): probas de valoración. - Autorregulación e planificación do adestramento.

Contidos

- Alimentación saudable.
- Educación postural: movementos, posturas e estiramementos ante dores musculares.
- Coidado do corpo: quecemento específico autónomo.
- Prácticas insás perigosas, mitos e falsas crenzas arredor do corpo e da actividade física.
- Reflexión crítica sobre a importancia das medidas e pautas de hixiene en contextos de práctica de actividade física.
- Saúde social:
 - Suplementación e dopaxe no deporte.
 - Riscos e condicionantes éticos.
- Saúde mental:
 - Esixencias e presións da competición.
 - Tipoloxías corporais predominantes na sociedade e análise crítica da súa presenza nos medios de comunicación e nas redes sociais.
 - Efectos negativos dos modelos estéticos predominantes e trastornos vinculados ao culto insán ao corpo.
 - Creación dunha identidade corporal definida e consolidada afastada de estereotipos sexistas.
- Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización.
- Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores:
 - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte.
 - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica.
 - Exemplos de deportistas de Galicia de distintos sexos, idades e outros parámetros de referencia.

UD	Título da UD	Duración
3	AQUÍ CABEMOS TOD@S!	11

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Planificar, desenvolver e compartir con seguridade a práctica física cotiá manexando recursos e aplicacións dixitais vinculados ao ámbito da actividade física e do deporte.	Planificar e coñecer recursos técnico-tácticos vinculados ás distintas actividades deportivas realizadas neste UD	PE	30
CA5.1 - Identificar e contextualizar a influencia social do deporte nas sociedades actuais, valorando as súas orixes, evolución, distintas manifestacións e intereses económico-políticos, practicando diversas modalidades relacionadas coa cultura propia, coa tradicional ou coas procedentes doutros lugares do mundo.	Identificar o valor do deporte e as súas diferentes manifestacións ao longo das diversas épocas. Coñecer de xeito básico as modalidades practicadas nas sesións		
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Respecto a cada persoa que participe nas diversas actividades independentemente das súas características	TI	70
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Ser capaces de actuar segundo os protocolos en situacións de emerxencia		
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de coavaliación do proceso e do resultado		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Aplicar as normas básicas de seguridade na práctica deportiva		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de carácter cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de coavaliación do proceso e do resultado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando as propias capacidades e aplicando procesos de percepción, decisión e execución.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices e proxectos para alcanzar o logro individual e grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles, á xestión do tempo de práctica e á optimización do resultado final.	Colaborar en producións e proxectos motrices para alcanzar o logro grupal, participando con autonomía na toma de decisións vinculadas á asignación de roles e á optimización do resultado final.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Organizar, practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Entenderse co resto de participantes durante as prácticas, con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades de diálogo na resolución de conflitos facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes dos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas, identificando factores que contribúen ao seu mantemento e difundindo referentes de distintos xéneros		
CA5.2 - Crear e representar composicións individuais ou colectivas con e sen base musical e de maneira coordinada, utilizando intencionadamente e con autonomía o corpo e o movemento como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas específicas e axudando a difundir e a compartir estas prácticas culturais entre compañeiros ou outros membros da comunidade.	Participar en creacións individuais ou colectivas con o sen base musical respectando as achegas e a motricidade de todo o mundo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde mental:
- Elección da práctica física: xestión e enfoque dos diferentes usos e finalidades da actividade física e do deporte en función do contexto, da actividade e dos compañeiros e compañeiras de realización.
- Preparación da práctica motriz: disposición, mantemento e reparación de material deportivo.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores:
 - Establecemento de mecanismos para rexistrar e controlar as achegas realizadas polos integrantes do grupo ao longo dun proxecto.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Xestión do risco propio e do dos demais, medidas colectivas de seguridade.
- Toma de decisións:
 - Procura de adaptacións motrices para resolver eficientemente tarefas de certa complexidade en situacións motrices individuais.
 - Resolución coordinada en situacións motrices cooperativas.
 - Elección dunha resposta óptima en función do movemento do rival, así como da situación do móbil, se o hai.
 - Organización anticipada das accións individuais en función das características do contrario en situacións de oposición de contacto.
 - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo propio e do rival en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices nun contexto de práctica: integración do esquema corporal e toma de decisións previas á realización dunha actividade motriz acerca dos mecanismos coordinativos, espaciais e temporais para resolvela adecuadamente.
- Capacidades condicionais, planificación para o desenvolvemento das capacidades físicas básicas (forza e resistencia):
 - Sistemas de adestramento.
- Habilidades motrices específicas en actividades físico-deportivas: profundización, execución, identificación e corrección dos erros máis comúns.
- Creatividade motriz: creación de retos e situacións-problema con resolución posible de acordo cos recursos dispoñibles.
- Autorregulación emocional: control de estados de ánimo e estratexias de xestión do fracaso en situacións motrices.
 - Capacidades volitivas e de superación.
- Habilidades sociais: estratexias de negociación e mediación en contextos motrices.
- Respecto ás regras: xogo limpo nos distintos niveis de deporte e actividade física.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: igualdade no acceso ao deporte.
 - Estereotipos de competencia motriz percibida segundo o xénero, a idade ou calquera outra característica.
 - Exemplos de deportistas de Galicia de distintos sexos, idades e outros parámetros de referencia.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os deportes como sinal de identidade cultural. - Usos comunicativos da corporalidade: técnicas específicas de expresión corporal. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico-expresivo. - Organización de espectáculos e eventos artístico-expresivos. - Influencia do deporte na sociedade actual en diferentes contextos: xeográfico, cultural, político, económico...

UD	Título da UD	Duración
4	DE PAS E RAQUETAS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores coñecendo as habilidades propias de cada actividade e tratando de melloralas na parte práctica das distintas sesións	PE	30
CA1.3 - Adoptar actitudes comprometidas que rexeiten os estereotipos sociais asociados ao ámbito do corporal, do xénero e da diversidade sexual e os comportamentos que poñan en risco a saúde, contrastando con autonomía e independencia calquera información en base a criterios científicos de validez, fiabilidade e obxectividade.	Respecto a todo o alumnado independentemente das súas características	TI	70
CA2.1 - Actuar de acordo cos protocolos de intervención ante situacións de emerxencia ou accidentes aplicando medidas específicas de primeiros auxilios.	Ser capaces de aplicar os protocolos en situacións de emerxencia		
CA2.4 - Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.	Participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices asumindo responsabilidades na organización, xestión e preparación destas.		
CA2.5 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica de actividades motrices, dentro do centro escolar.		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo e asegurar unha participación equilibrada, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver proxectos motores de individual, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de coavaliación do proceso e do resultado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando eficientemente as propias capacidades e aplicando de maneira automática procesos de percepción, decisión e execución en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Mostrar habilidades para a adaptación e a actuación ante situacións cunha elevada incerteza, aproveitando as propias capacidades e aplicando procesos de percepción, decisión e execución.		
CA3.4 - Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con autonomía.	Evidenciar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, resolvendo problemas en todo tipo de situacións motrices.		
CA4.1 - Practicar e participar activamente asumindo responsabilidades na organización nunha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Organizar, practicar e participar activamente nunha gran variedade de actividades motrices valorando as implicacións éticas das prácticas antideportivas, adoptando estratexias de superación.		
CA4.2 - Relacionarse e entenderse co resto de participantes durante o desenvolvemento de diversas prácticas motrices con autonomía, facendo uso efectivo de habilidades sociais de diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade de competencia motriz, situándose activamente fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia e facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Entenderse co resto de participantes durante as prácticas, con autonomía e facendo uso efectivo de habilidades de diálogo na resolución de conflitos facendo respectar o propio corpo e o dos demais.		
CA4.3 - Adoptar actitudes comprometidas e conscientes acerca dos distintos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas que se seguen producindo nalgúns contextos da motricidade, identificando os factores que contribúen ao seu mantemento e axudando a difundir referentes de distintos xéneros no ámbito físico-deportivo.	Adoptar actitudes comprometidas e conscientes dos estereotipos de xénero e comportamentos sexistas, identificando factores que contribúen ao seu mantemento e difundindo referentes de distintos xéneros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
No caso de que unha/un alumna/o non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallan os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser: Colocación selectiva do alumnado dentro da aula / Agrupación específica do alumnado dentro da aula / Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias: Elaboración dunha adaptación curricular individualizada / Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado / Seguimento das medidas ordinarias e extraordinarias. A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X				X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X							
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X					X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.			
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín.
2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais.
3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro.
4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana.
5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano.
6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula.
7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo.
8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo / abril, normalmente. Ademais de participar nunha actividade cultural de interese como é o teatro, poderemos visitar a cidade de Lugo cuxo patrimonio romano é dun valor inconmensurable.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un castro próximo á localidade e outros monumentos de época prerromana ou romana.	O alumnado visitará un castro e/ou algún outro monumento de época prerromana ou romana coa finalidade de ver o contraste entre os modos de vida previos á chegada dos romanos e os que traen estes consigo.		X	
Visita á biblioteca do centro.	O alumnado visitará a biblioteca do centro para coñecer que recursos relacionados co latín en particular e coa cultura latina en xeral ten a biblioteca escolar.		X	

Observacións:

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimiento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.

-Visita a un castro e/ou monumentos de época prerromana ou romana. Esta actividade permite que o alumnado poida ver dun modo directo os cambios que supuxo a chegada dos romanos a Galicia, observando os hábitos de vida e as modificacións introducidas polos novos conquistadores. Esta actividade é tamén unha grande oportunidade para a desmitificación de determinadas visións da chegada dos romanos a Galicia, en particular, e a Hispania, en xeral, para destacar, por exemplo, os métodos de sometemento brutais das poboacións autóctonas e a explotación sistemática dos seus recursos.

- A visita á biblioteca do centro sempre é interesante para coñecer o fondo bibliográfico clásico do centro educativo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

6. A información relevante chega a profesorado implicado, alumnos, familiares e/o titores legais.

Descrición:

Estes seis indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

6. A información relevante chega a profesorado implicado, alumnos, familiares e/o titores legais. Para iso por unha banda manterase contacto permanente co profesorado implicado co grupo, especialmente co titor/ titora e doutra banda elaborárase un documento que conteña os principais da materia. Para iso nas primeiras semanas do curso proporcionarase aos titores ou titoras e aos alumnos /as (co fin de que llo transmitan ás persoas responsables correspondentes) un documento que conteña: Obxectivos / Sesións anuais / Probas escritas / Criterios de cualificación / Criterios de recuperación. Os alumnos asinarán recibilo e faranse responsables da súa entrega a quen corresponda.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Procedemento de seguimento: Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

Procedemento de avaliación: Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes.

a. Resultados académicos do grupo.

b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.

c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados

1. Documento informativo.

Elaborarase un documento informativo para alumnos / pais/ titor- a de o grupo / titores legais do alumnado que conteña os seguintes apartados: Nome da materia e curso / Obxectivos da materia / Resumen de criterios de cualificación e criterios de recuperación. Este documento facilitaráselle a todo o alumnado.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

O I.E.S. María Sarmiento é un centro público dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

En xeral, o alumnado do centro é un alumnado traballador e sen demasiados problemas de convivencia entre eles, dentro do centro educativo. Trátase dun alumnado que non soe abandonar os estudos, xa que o centro ofrece moitas opcións e diferentes itinerarios ou ramas de estudo, dende ESO e bacharelato, pasando por FP-Básica, ciclos medios, ciclos superiores, ou ESO e bacharelato para adultos en horario nocturno. En todo isto tamén destaca o papel das familias, que en xeral son preocupadas e interesadas polos seus fillos/fillas e cuxa situación socioeconómica se encadra, na maioría dos casos, dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano de O Vicedo, combinados cunha poboación rural diseminada polos concellos de O Vicedo, Ourel, Muras e a parte sur do concello de Viveiro. Os Centros adscritos son: CEIP de Celeiro, CEIP do Vicedo e CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo.

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos tanto dos elementos formais como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade

de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 4º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

1. Ilustración e Romanticismo. Variedades da lingua
2. Literatura da segunda metade do XIX (Realismo, Naturalismo, Modernismo, Xeración do 98). A oración simple
3. Vanguardas e Xeración do 27. Textos e oralidade
4. A poesía de Posguerra. A coordinación
5. A novela de Posguerra. A subordinación substantiva
6. O teatro de Posguerra. As subordinadas de relativo
7. A literatura española a partir de 1975. A subordinación adverbial
8. A literatura hispanoamericana do século XX

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ilustración e Romanticismo. Variedades da lingua	<p>Nesta unidade didáctica, afondaremos nos trazos propios das variedades dialectais do español mediante a análise das características lingüísticas presentes en diversos textos e materiais audiovisuais. En conexión con isto, o alumnado, en grupos, elaborará materiais expositivos e argumentativos nos que plasme os resultados da súa investigación sobre as distintas variedades do español e defenda unha valoración positiva cara dita diversidade.</p> <p>Avanzarase na presentación das unidades da lingua (fonemas, morfemas, palabras, sintagmas, oracións) e traballarase as características do Romanticismo e do seu legado na literatura posterior. O docente proporcionará ao alumnado unha escolma de textos que evidencien os trazos máis relevantes do movemento e as mostras máis significativas da produción artística de escritores/as destacados/as.</p>	15	15	X		
2	Literatura da segunda metade do XIX (Realismo, Naturalismo,	Nesta unidade didáctica, procederemos á "disección" dos textos para estudar os	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Modernismo, Xeración do 98). A oración simple	<p>elementos dos que se compoñen: a palabra (os seus constituíntes, a forma e a función) e as oracións.</p> <p>Mediante a observación e transformación de enunciados, afondaremos na relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.</p> <p>Ademais, abordaranse os movementos literarios da segunda metade do séc. XIX. O produto final da situación de aprendizaxe consistirá en crear un espazo narrativo a partir dun cadro do Realismo.</p>	10	12	X		
3	Vangardas e Xeración do 27. Textos e oralidade	<p>Nesta unidade didáctica volverase a incidir na tipoloxía textual, prestando especial atención aos textos argumentativos, a través de dúas situacións de aprendizaxe que terán como obxectivo crear un blog de viaxes.</p> <p>Afondarase na reflexión lingüística mediante o estudo da modalidade oracional e a voz (pasiva e media) mediante a transformación de enunciados e a resolución de problemas gramaticais.</p> <p>Os obxectivos asociados ao bloque 4 traballaranse mediante outra situación de aprendizaxe, cuxo produto final será unha lectura colectiva de poesía da Xeración do 27.</p>	10	10	X		
4	A poesía de Posguerra. A coordinación	<p>A unidade estará vertebrada en torno á poesía da Posguerra e o produto final proposto para a situación de aprendizaxe será unha acción poética de protesta.</p> <p>Nesta unidade integrarase ademais o estudo sobre os mecanismos que permiten combinar oracións/enunciados en unidades maiores mediante o mecanismo da coordinación.</p>	15	15		X	
5	A novela de Posguerra. A subordinación substantiva	<p>O cerne desta unidade didáctica é o estudo da narrativa de Posguerra. En relación con isto, desenvolverase unha situación de aprendizaxe orientada a elaborar como produto final un monólogo interior.</p> <p>Os bloques 3 e 4 traballaranse a través dunha situación de aprendizaxe conducente a elaborar un videocurrículo.</p>	15	13		X	
6	O teatro de Posguerra. As subordinadas de relativo	<p>Esta unidade abordará o estudo do teatro de Posguerra mediante unha situación de aprendizaxe que culminará nun debate sobre a liberdade de expresión. Con isto cubriranse obxectivos e contidos asociados aos bloques 2 e 4.</p> <p>Do bloque 3 trataranse os contidos e obxectivos relacionados coas estruturas apositivas e as subordinadas de relativo.</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A literatura española a partir de 1975. A subordinación adverbial	Esta unidade está artellada en torno á literatura española posterior a 1975 e como situación de aprendizaxe proporase ao alumnado asumiren o papel de editores e elaborar unha antoloxía de textos representativos deste período. Traballaranse, así mesmo, os contidos e obxectivos correspondentes aos bloques 2 e 3 nos que se tratan a cohesión e coherencia textual e máis concretamente, as relacións de causa, consecuencia, condición e hipótese.	15	12			X
8	A literatura hispanoamericana do século XX	A unidade dedicarase ao estudo das correntes fundamentais da literatura hispanoamericana do século XIX a través dunha situación de aprendizaxe que culmine na redacción dun relato coas características do realismo máxico. Así mesmo, o alumnado será capaz de aplicar todos os coñecementos metalingüísticos adquiridos na elaboración e revisión dos seus propios textos.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ilustración e Romanticismo. Variedades da lingua	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado deberá, como mínimo, identificar os trazos dos dialectos do español a través da súa presenza en diferentes textos e materiais multimodais.	PE	80
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de comentar e valorar textos do Romanticismo en conexión co contexto sociohistórico no que foron escritos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de distinguir as unidades de análise da linguaxe (fonema, morfema, palabra, oración) e, particularmente, os valores que aportan os distintos morfemas e as diferentes clases de palabras.		
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística na contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre as linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	O alumnado deberá valorar a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Tamén será quen de explicar os fenómenos do contacto entre linguas.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	É imprescindible que o alumnado participe e interaccione con actitudes de respecto e tolerancia.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	É imprescindible o uso de tecnoloxías dixitais para a obtención de información nos traballos propostos ao alumnado.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá argumentar oralmente sobre o valor da diversidade lingüística.	TI	20
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	É imprescindible a organización e integración de diversas fontes de información para a realización dos traballos propostos ao alumnado.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado deberá elaborar un traballo grupal sobre unha variedade lingüística.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será capaz de crear textos narrativos breves con intención literaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e aos rexistros. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. <ul style="list-style-type: none"> - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. <ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Literatura da segunda metade do XIX (Realismo, Naturalismo, Modernismo, Xeración do 98). A oración simple	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de comentar e valorar textos da segunda metade do séc. XIX en conexión co contexto sociohistórico no que foron escritos.	PE	80
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado deberá explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será capaz de redactar un texto descriptivo.	TI	20
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar os contidos traballados nos distintos bloques para enriquecer o seu texto.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado deberá revisar os seus propios textos realizando correccións onde sexa preciso a partir das indicacións da persoa docente.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións

Contidos

- e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Vangardas e Xeración do 27. Textos e oralidade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado terá que captar o sentido global do texto argumentativo, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante.	PE	80
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade, avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado deberá recoñecer a tese e identificar os argumentos de apoio, de refutación, de concesión e de adversación.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura contemporánea e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de analizar de textos románticos do patrimonio nacional e europeo, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes do Romanticismo español e europeo, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de recoñecer e explicar a intención do emisor ao pronunciar os seus enunciados (modalidade).		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é capaz de formular hipóteses sobre o funcionamento e significado da voz do verbo (activa, media, pasiva).		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos argumentativos.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes das que obtén a información.	TI	20
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado será quen de detectar falacias nos textos argumentativos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos argumentativos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos argumentativos escritos ben estruturados onde logren persuadir sobre temas de interese xeral.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorporará aos seus textos recursos retóricos que capten a atención do receptor, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade interrogativa e dubitativa.		
CA3.5 - Organizar e integrar a información en esquemas propios e reelaboraala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico con respecto aos principios de propiedade intelectual.	Os textos argumentativos que elabore o alumnado de axustaranse ao esquema básico de introdución, corpo argumentativo e conclusión, cunha ordenación lóxica dos argumentos.		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración da forma e do contido do texto <ul style="list-style-type: none"> - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de secuencias textuais, con especial atención ás argumentativas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación

Contidos

- oral argumentada.
- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definición
- Alfabetización mediática e informacional: Reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas vi
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas, a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
4	A poesía de Posguerra. A coordinación	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá demostrar que é capaz de xulgar a fiabilidade de textos orais e multimodais do ámbito persoal e académico.	PE	80
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado deberá ser capaz de poñer en relación os elementos constitutivos de obras pertencentes á poesía de Posguerra co contexto sociohistórico no que foron creadas, así como coas características definitorias do seu xénero.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá ser quen de identificar e empregar os distintos mecanismos sintácticos involucrados na construción de estruturas coordinadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá ser capaz de explicar a diferenza entre distintas conxuncións coordinantes mediante a creación e modificación de exemplos.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá comprender de xeito global e obter información específica a partir de textos dos eidos persoal e académico.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorporará aos seus textos recursos retóricos que capten a atención do receptor, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade interrogativa e dubitativa.	TI	20
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	O alumnado será capaz de revisar e correxir os textos que elabore no ámbito académico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.

Contidos
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
5	A novela de Posguerra. A subordinación substantiva	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado é capaz de relacionar textos narrativos de Posguerra coas características do seu contexto sociohistórico, así como coas convencións propias do xénero.	PE	80
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza con adecuación e corrección os signos de puntuación, especialmente os asociados á representación do discurso referido (estilo directo, estilo indirecto).		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de utilizar metalinguaxe específica para reflexionar e describir a subordinación sustantiva.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado demostra a comprensión de textos orais e multimodais e, en concreto, e capaz de relacionar o uso da puntuación co seu valor na oralidade.	TI	20
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado é capaz de elaborar un videocurrículo de maneira autónoma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Efectos dos seus recursos expresivos na recepción.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias; en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
6	O teatro de Posguerra. As subordinadas de relativo	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorporará aos seus escritos subordinadas de relativo e será quen de identificalas e explicar o seu funcionamento coa metalinguaxe axeitada.	PE	80
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura vangardista e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da vangarda española e europea, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será quen de seguir nun debate sobre a liberdade de expresión as posicións dos seus interlocutores.		
CA3.1 - Realizar argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será que de expoñer a súa opinión razoada nun debate sobre a liberdade de expresión.		
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	TI	20
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorporará os procedementos retóricos abordados na unidade aos seus propios textos.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos vangardistas do patrimonio nacional e europeo, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Procesos de indagación ao redor das obras lidas que promovan o interese por construír a interpretación destas e establecer conexións entre textos.

UD	Título da UD	Duración
7	A literatura española a partir de 1975. A subordinación adverbial	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de explicar e argumentar a relación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor a través dos coñecementos que adquira sobre conxuncións e conectores discursivos.	PE	80
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado comentará textos literarios posteriores a 1975 relacionándoos co seu contexto sociohistórico e as convencións do xénero do que se trate.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.	TI	20
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mostrando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	No role playing sobre entrevistas de traballo, o alumnado deberá participar activamente, interpretando de maneira crible o papel que lle corresponda en cada momento.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e de instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado elaborará unha antoloxía de textos significativos da literatura posterior a 1975.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado será capaz de redactar textos introductorios á antoloxía mencionada enriba.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. - Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - mapas conceptuais, definición - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

UD	Título da UD	Duración
8	A literatura hispanoamericana do século XX	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz de comprender e analizar as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	80
CA4.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria presentes neles e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente textos da literatura hispanoamericana do séc. XX, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado será capaz de establecer vínculos entre os textos procedentes da literatura hispanoamericana do s. XX, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumando será quen de aplicar a bagaxe metalingüística adquirida a explicación e corrección de erros lingüísticos.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado será quen de ler de maneira autónoma textos procedentes da literatura do século XX e expresar de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ela.	TI	20
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado será capaz de compartir coa clase a análise de textos do século XX do patrimonio nacional e europeo, empregando guías de lectura e expresando axeitadamente as súas claves interpretativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado,

favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercicio de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: T. Grence Ruiz (dir.). 2023. Lengua Castellana y Literatura. 4 ESO. Proyecto construyendo mundos. Madrid: Santillana.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.

Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.

Materiais de investigación e consulta.

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

En xeral, a maioría dos materiais que se mencionan nos parágrafos anteriores aparecen compilados no libro de texto que o departamento seleccionou para este curso: T. Grence Ruiz (dir.). 2023. Lengua Castellana y Literatura. 4 ESO. Proyecto construyendo mundos. Madrid: Santillana. Isto non é óbice para que ocasionalmente se faga uso de outro tipo de materiais que se relacionan nos párrafos seguintes.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
 Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto literario dando conta da súa estrutura, da información máis relevante e da intención do emisor e relacionándoo coa etapa literaria en que foi producido.	PE	80
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora e comenta criticamente un texto literario da poesía de 1976 á actualidade, analizando os procedementos lingüísticos empregados.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Realiza unha lectura comprensiva do libro de lectura		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relaciónao cun contexto histórico determinado. Recoñece e analiza os trazos distintivos da poesía de 1976 á actual en textos seleccionados pola docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece e incorpora ao seu vocabulario o léxico relativo ó mundo do traballo		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Comenta e analiza as eleccións lingüísticas dos autores da poesía de 1976 á actualidade , así como os efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas simples e complexas.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora as características de seu do currículo analizando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Interpreta e escoita fragmentos de obras da poesía galega de 1976 á actualidade cunha actitude de respecto e cortesía lingüística.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Dado un suposto, redacta en rexistro formal de maneira satisfactoria un currículo tendo en conta a situación comunicativa, a persoa destinataria, o propósito e a canle e que cumpra as características de adecuación, coherencia e cohesión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Recolle o sentido global da información buscada en distintas fontes sobre a poesía de 1976 á actualidade e da situación sociolingüística de Galicia.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Avalia a veracidade da información, seguindo pautas de análises.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñece, identifica e desterra das súa lingua os usos discriminatorios da mesma, así como os elementos non verbais da comunicación .		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Nas intervencións orais que realiza na aula fainas de forma educada, dialogante e buscando sempre un punto de encontro.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Nas súas creacións literarias establece vínculos con outras obras da nosa tradición literaria e con outras artes.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega ferramentas dixitais (correctores e dicionarios) para enriquecer os seus textos tanto ortográfica como gramaticalmente, aumentar a súa precisión léxica e usar construcións morfosintácticas máis xenuínas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. As falsas noticias. Valoración
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade inte-lectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros li-terarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas lite-rarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe especí-fica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos anali-zados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
9	A publicidade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Ampliación do coñecemento do portugués. Recoñecemento dos países que pertencen á CPLP.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Coñecemento da situación sociolingüística de Galicia e comparación con Portugal.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalía a calidade e fiabilidade de textos teatrais de 1973 á actualidade.	PE	80
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora comentarios literarios sobre textos teatrais de posguerra dos autores galegos con adecuación, coherencia e cohesión.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora e comenta criticamente un texto literario do teatro de 1973 á actualidade, analizando os procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relaciónao cun contexto histórico determinado. Recoñece e analiza os trazos distintivos do teatro de 1973 á actual en textos seleccionados pola docente.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece e incorpora ao seu vocabulario o léxico relativo á gastronomía e ós restaurantes.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Comenta e analiza as eleccións lingüísticas dos autores de teatro de 1973 á actualidade, así como os efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas simples e complexas.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende e valora as características da linguaxe publicitaria analizando a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunícala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Recolle o sentido global da información buscada en distintas fontes sobre o teatro de 1973 á actualidade.	TI	20
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Avalia a veracidade da información, seguindo pautas de análise.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Nas intervencións orais que realiza na aula fainas de forma educada, dialogante e buscando sempre un punto de encontro.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto publicitario dando conta da súa estrutura, da información máis relevante e da intención do emisor .		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Elabora un anuncio publicitario en vídeo sobre un obra literaria escollida de forma autónoma, para publicitar esa lectura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Nas súas creacións literarias establece vínculos con outras obras da nosa tradición literaria e con outras artes.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos literarios multimodais que conversen con outras linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega do último terzo do século XX ata a actualidade.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega ferramentas dixitais (correctores e dicionarios) para enriquecer os seus textos tanto ortográfica como gramaticalmente, aumentar a súa precisión léxica e usar construcións morfosintácticas máis xenuínas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbai - Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. As falsas noticias. Valoración
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramati-cal e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os co-ñecementos previos, formular e avali
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade inte-lectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros li-terarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas lite-rarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe especí-fica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpreta-ción das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifes-tacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos anali-

Contidos

- zados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelánización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LIÑAS METODOLÓXICAS:

O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua Galega e Literatura baséase na concepción construtivista do ensino. Polo que os presupostos teóricos e metodolóxicos nos que se fundamenta esta disciplina e o seu carácter basicamente instrumental son os mesmos ao longo de toda a etapa da ESO. A partir deles concíbese a estruturación do Currículo que permita aos estudantes de 4º da ESO acadar a competencia comunicativa para lograr unha maior maduración intelectual e humana e unha mellor preparación para os estudos de bacharelato e ciclos medios.

Ao longo deste curso de 4º da ESO vaise optar polo método expositivo-indutivo para propostas introdutorias ou visións panorámicas de conceptos, polo método de indagación para a aprendizaxe de procedementos e polo método activo para que o alumnado se sinta suxeito responsable do proceso de aprendizaxe e adopte actitudes favorables cara dito proceso.

Os contidos parten sempre dos coñecementos previos do alumnado acadados na etapa anterior e, mediante un proceso de aprendizaxe recorrente que vai do uso á reflexión e da reflexión ao uso, preténdese que os estudantes vaian afondando nos contidos e actividades de maior complexidade discursiva, maior rigor analítico e precisión terminolóxica. Por conseguinte, o proceso de ensinoaprendizaxe desta disciplina xira en torno a dous compoñentes que se interrelacionan: o uso e a reflexión co fin de que os alumnos e alumnas acaden as destrezas, actitudes e coñecementos desexados.

O desenvolvemento da materia farase a través do libro de texto, Lingua e literatura de 4º da ESO da editorial Xerais, e de material que facilitarán os profesores a través da aula virtual e outros medios, estruturando a marcha do curso de maneira que nos tres temas que se van estudar en cada trimestre se desenvolverán apartados de cada un dos cinco bloques en que se estrutura, tal e como se recolle na distribución dos contidos do curso.

Estratexias metodolóxicas:

Propónse unha clase activa na que o profesor impulse o traballo do alumnado co fin de que este participe e poida así acadar os obxectivos. As actividades deseñaranse en función das necesidades específicas do alumnado; pero, en xeral, seguirán o seguinte esquema:

- Presentación dun texto de lectura de tema variado e sobre o que traballarán diferentes aspectos:
- Actividades de comprensión e expresión: extraer informacións concretas, distinguir as ideas principais, realizar resumos, recoñecer o xeito en que está organizada a información, explicar o significado de palabras ou frases do texto,... Incidirase no uso do dicionario e da expresión oral para explicar os conceptos.
- Expresar, de forma oral ou escrita, a súa opinión sobre o que di o texto.
- E exercicios encamiñados a reforzar os contidos gramaticais: as clases de palabras.
- E exercicios sobre os contidos de literatura: distinción dos xéneros literarios e dos seus trazos característicos.

- Revisar as regras ortográficas e a escritura de determinadas palabras.
- Redacción de textos de diversa tipoloxía. As actividades dependerán do tipo do texto co que se traballe: escribir a continuación do texto, redactar unha noticia, un texto expositivo,...
- Fichas de reforzo e ampliación do libro de texto marcado para este curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
BIBLIOGRAFÍA
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019): Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Callón Torres, Carlos. (2012): Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo. Xerais.
Callón Torres, Carlos. (2017): Galegocalantes e galegofalantes. Vigo. Xerais.
Callón Torres, Carlos. (2022): O libro negro da lingua galega. Vigo. Xerais.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.): Nova gramática do portugués contemporâneo de acordo com a nova ortografía. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dosil, Benxamín (2015): Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021): Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021): Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Fernández, Isaac (2010): Diccionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo.
Fernández Rei, Francisco (2003): Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004): Diccionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia.
Formoso Gosende, Valentina. (2013): Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico. Vigo. Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020): Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000): Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo. Xerais.
Iglesias Álvarez, Ana. (2003): Falar galego: no veo por qué : aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida): Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004): Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais.
Monteagudo Romero, Henrique. (2009): As razóns do galego. Apelo á cidadanía. Vigo: Galaxia.
Monteagudo Romero, Henrique. (2021): O idioma galego baixo o Franquismo. Da resistencia á normalización. Vigo: Galaxia.
Novo Folgueira, Paulino (1999): Diccionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais.
Núñez Singala, Manuel. (2009): En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións en contra da lingua galega. Vigo. Galaxia.

Núñez Singala, Manuel. (2010): Lingua e futuro. Laiovento. Ensaio.
Queixas, Mercedes. (2016). De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Vigo. Xerais.
Núñez Singala, Manuel (2017): Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüísmo na infancia e na idade adulta. Vigo. Galaxia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2016): Historia da literatura galega III. De 1916 a 1936. A xeira das Irmandades. Xerais.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2019): Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Xerais.
RAG/ILG. (2003): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego-
Ramallo, Fernando (coord.). (2021): A lingua en 2050. Editora Catroventos.
Ramallo, Fernando (coord.). (2023): A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050. Editora Catroventos.
Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022): Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002): A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais.
Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): Dicionario da Literatura Galega I: Autores. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (1997): Dicionario da Literatura Galega II: Publicacións periódicas. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores. (1999): Historia da Literatura Galega. Galaxia.
Vilavedra, Dolores (coord.) (2000): Dicionario da Literatura Galega III: Obras (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (2003): Dicionario da Literatura Galega IV: Termos e Institucións Literarias (Vigo: Galaxia).
VVAA (2009): 55 mentiras sobre a lingua galega. A Coruña. Laiovento.
VVAA. (2009): Gran Dicionario Xerais da lingua. 2 tomos. Vigo: Xerais.
VVAA. (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos. Vigo: Xerais.
WEBGRAFÍA
LG3 O soportal da Literatura Galega do Consello da Cultura Galega: http://culturagalega.gal/lg3/
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/
Aulas Galegas - Materia de Lingua Galega e Literatura: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Dicionário Estraviz: https://www.estraviz.org/avanzada.php
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/diccionario/
Dicionario da RAG: https://academia.gal/diccionario
Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega. USC.: https://ilg.usc.es/pronuncia/
Dicionario fluvial (é un dicionario visual dos ríos galegos): https://www.rios-galegos.com/
Dicionario de termos literarios. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html

Equipos de Dinamización da Lingua Galega no Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Glosario de erros léxicos e fraseolóxicos máis comúns en galego. Servizo de Normalización Lingüística da USC: https://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/dubidas/glosario
Historia da Literatura Galega. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/
Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/portada
Portal das Palabras. Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
Real Academia Galega: https://academia.gal/inicio
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg)
Lingua e literatura 4º ESO, Xerais (libro de texto)

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Esta proba, que poderá partir dun texto literario, xornalístico etc., constará das seguintes partes:

- Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido.
- Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas pechadas sobre o contido dun texto escrito.
- Producción oral. O alumnado fará unha exposición oral nun rexistro formal sobre o tema que se estea a comentar.
- Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita que estará relacionada co temario literario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	60	80	44	74	82	92	92	80	80	76
Táboa de indicadores	40	20	56	26	18	8	8	20	20	24

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación:

-Realizaranse dúas probas escritas por trimestre sobre as unidades impartidas. Como o libro de Lingua e Literatura de 4º da ESO da editorial Xerais se presenta dividido en 9 unidades, desenvolveranse tres por trimestre. Na primeira proba examinaranse as dúas primeiras e, na segunda, a terceira. Nestes exames alternaranse as cuestións teóricas e prácticas, baseadas nas explicacións e nos exercicios realizados previamente nas clases, ao tempo que o alumnado ha de demostrar neles o dominio a nivel escrito da lingua, polo que se penalizarán os erros dependendo da gravidade.

-Proba de lectura: a partir dunha selección de textos/ ou un libro realizarase unha proba de lectura por trimestre.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

1) As probas escritas valoraranse ata un máximo de 8 puntos. Farase a media das dúas realizadas en cada trimestre.

Tendo en conta que a materia é de contidos progresivos incluíranse en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados nas probas previas.

IMPORTANTE:

-Só se fará a media entre as dúas probas se se acada un mínimo de 3 puntos nelas.

-Os erros de expresión baixan a nota ata un máximo de 2 puntos, dependendo da súa gravidade:

a) faltas moi graves (-0,2): o mal uso das maiúsculas, a mala colocación dos pronomes, a presenza de castelanismos, os verbos compostos con formas de haber, os tiles diacríticos e os erros na construción do xénero e o número;

b) faltas graves (-0,10): as incorreccións no uso de b/v e o mal uso do h e similares incorreccións ortográficas;

C) faltas leves (-0,05): a acentuación non diacrítica e a presenza de formas dialectais.

IMPORTANTE: O feito de sorprender a un alumno copiando -por un compañeiro, mediante “chuleta”, usando o libro de texto e/ou por calquera outro medio- durante a realización dalgunha das probas escritas e/ou orais das que se compón unha avaliación, implicará o suspenso automático nesa proba e a obriga de presentarse á recuperación de todos os contidos impartidos nese trimestre. En caso de que esta incidencia se producise durante a realización do exame final de xuño, suspenderá a devandita proba e deberá recuperar a materia no exame extraordinario. E, finalmente, se isto pasase no exame extraordinario, suspenderá automaticamente a materia.

2) Proba de lectura: a partir dunha selección de textos/ ou un libro por exame, lectura que demostrarán respondendo ás cuestións que sobre eles figurarán no exame pertinente, e que sumará un máximo de 1 punto.

3) A oralidade e o traballo na clase e na casa valoraranse cun máximo 1 punto. A valoración farase a través da observación na aula e dos traballos que se pidan.

Valorarase o dominio da lingua oral mediante o uso na aula diariamente e en exposicións e probas específicas que se farán ao longo da avaliación.

Na nota final de cada trimestre efectuaranse as seguintes penalizacións:

-0,20 por cada vez que non se traian feitas da casa as tarefas encargadas polos profesores ou non se corrigan; non se traia o material e non se teña un comportamento adecuado na aula ou non se sigan as indicacións dos profesores.

-0,20 por non falar en galego durante a clase pois, aínda que parece obvio, non se cumpre o feito de que os alumnos utilicen o galego como lingua vehicular. En caso de acumular dez avisos no trimestre por non utilizar o galego durante a clase, o alumno suspenderá a materia e deberá recuperar a avaliación mediante a realización dunha proba oral onde debe demostrar a súa destreza á hora de falar a nosa lingua.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información.

No caderno do profesor rexistraranse os datos do alumnado sobre os seguintes aspectos:

-Participación durante a clase a nivel oral: achegas positivas, respostas aos exercicios orais...

-Manexo da lingua oral. A nivel oral, valorarase a progresión no uso correcto da lingua, a escoita activa, crítica e reflexiva, cunha actitude de interese, de cooperación e respecto, sen prexuízos, polo que se penalizaran as actitudes negativas con respecto a estes aspectos.

-Realización e corrección dos exercicios escritos no caderno.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións:

-Realízase a media das dúas probas escritas, a esta súmaselle a valoración do traballo na clase e do bloque de comunicación oral e mais a valoración da proba de

lectura; así obtense a cualificación total, que no caso de acadar un mínimo de 5, suporá o aprobado na materia.

-Ha de realizar a avaliación final todo o alumnado que non acade un mínimo de cinco na suma da nota media dos dous exames da terceira avaliación, a nota da lectura

obrigatoria e a nota do traballo na clase e a comunicación oral. Excepcións: unha nota inferior a 3 puntos nunha das probas escritas supón a obriga de realizar a avaliación final.

Descrición do tipo de proba

-Realizarase un exame escrito con cuestións sobre todas as unidades impartidas ao longo do curso. De maneira que o alumnado ha de responder a cuestións dos bloques impartidos, sobre todo de literatura, tanto teóricas como prácticas, sobre os apartados de lingua e sociedade, de sintaxe, do vocabulario estudado, ao tempo que ha de amosar o seu dominio da lingua. Se é preciso tamén se fará un exame das lecturas obrigatorias.

-**IMPORTANTE:** ao igual que nas probas escritas ao longo do curso, aplicaráselle a este exame as reducións por faltas de ortografía xa indicadas máis arriba.

Vanse avaliar todos os estándares.

Como se calcula a cualificación final:

Entenderase que o alumno superou a materia se obtén como mínimo un 5 nesta proba; nota obtida do resultado do exame (80%) (menos as faltas de

ortografía) máis a nota das lecturas obrigatorias (10%), do traballo na aula e na casa (10%) .

A nota daqueles alumnos e alumnas que non precisen ir ao exame final de xuño será a media de: un 30% da nota da primeira e da segunda avaliación e un 40% da terceira avaliación.

Criterios do centro para a promoción

-Terase en conta especialmente a actitude negativa, de abandono da materia ao longo do curso.

Avaliación extraordinaria

-Realizarase un único exame escrito valorado ata un máximo de 10 puntos, polo que hai que obter un 5 para acadar o aprobado.

-En canto á estrutura da proba, esta será semellante á dos exames do curso e mais da proba final de xuño.

Como se calcula a cualificación

-Sumarase a valoración acadada en cada unha das cuestións da proba e considerase superada se se obtén unha nota mínima de 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

Tendo en conta que a materia é de contidos progresivos, incluíranse en cada exame, dunha forma máis ou menos explícita, aspectos xa valorados nas probas previas, polo que quen teña suspensa unha proba poderá recuperala na seguinte facendo media entre as dúas notas, sempre e cando non acadara menos de 3 na primeira .

Como xa dixemos, a avaliación desta materia é continua, de maneira que se recupera a avaliación anterior non superada ao aprobar a seguinte avaliación pois o alumnado vaise examinando ao longo do curso dunha boa parte dos mínimos esixibles para acadar o aprobado ao final.

<ul style="list-style-type: none"> - Uso da álgebra simbólica para representar relacións funcionais en contextos diversos. - Relacións e funcións. - Aplicación da forma de representación máis adecuada na resolución de problemas en diferentes contextos (táboa, gráfica, expresión analítica). - Uso de recursos tecnolóxicos para a representación e o estudo dunha función, así como para a comparación de funcións. - Pensamento computacional. - Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico. - Identificación e análise de estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos. - Formulación e análise de problemas en diferentes contextos utilizando programas e ferramentas adecuadas.

UD	Título da UD	Duración
8	Funcións elementais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Xustificar as solucións óptimas dun problema desde diferentes perspectivas (matemática, de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable...).	Xustifica as relacións lineais e cuadráticas en contextos relacionados coa igualdade de xénero e interpreta o resultado obtido.	PE	100
CA4.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns para as relacións lineais e cuadráticas en situacións da vida real e proporciona representacións computacionais das mesmas.		
CA4.7 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante funcións elementais establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e facendo inferencias e predicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Variable. - Estudo da taxa de variación media como medida do cambio dunha función nun intervalo. - Análise do comportamento dunha función, así como comparación de funcións usando taxas. - Relacións e funcións. - Aplicación da forma de representación máis adecuada na resolución de problemas en diferentes contextos (táboa, gráfica, expresión analítica).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación gráfica de funcións elementais (lineais, cadráticas, definidas a anacos, exponenciais e logarítmicas). Estudo das súas propiedades a partir da representación gráfica e a súa interpretación en diferentes contextos. - Estudo de relacións cuantitativas en diferentes contextos e selección do tipo de funcións que as modelizan. - Uso de recursos tecnolóxicos para a representación e o estudo dunha función, así como para a comparación de funcións.

UD	Título da UD	Duración
9	Combinatoria e probabilidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Resolver situacións problematizadas mobilizando os coñecementos necesarios, analizando e aplicando as ferramentas e estratexias máis apropiadas.	Resolve situacións problematizadas sinxelas aplicando a regra de Laplace e utilizando estratexias de reconto e técnicas combinatorias.	PE	100
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas relacionados co azar de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.		
CA5.2 - Expor variantes dun problema que leven a unha xeneralización.	Expón variantes dun problema de probabilidade (sucesos compostos, probabilidade condicionada).		
CA5.3 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma.	Formula, investiga e comproba conxecturas de forma autónoma sobre os resultados de experimentos aleatorios e simulacións.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Aplica os conceptos de variación, permutación e combinación e resolve problemas de forma eficaz.		
CA5.7 - Analizar e aplicar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	<p>Analiza e aplica o cálculo de probabilidades na resolución de problemas doutras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.</p> <p>as matemáticas e outras materias valorando a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.</p>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Resolución de situacións e problemas da vida cotiá mediante técnicas de combinatoria: variacións, permutacións e combinacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Incerteza. - Aplicación do cálculo de probabilidades para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos aplicando a regra de Laplace e técnicas de recuento en experimentos simples e compostos. - Resolución de problemas sinxelos de probabilidade condicionada en contextos da vida real. - Planificación e realización de experimentos simples e compostos para estudar o comportamento de fenómenos aleatorios en situacións contextualizadas.

UD	Título da UD	Duración
10	Estatística	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Reformular problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos, as relacións entre eles e as preguntas expostas e utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	Reformula problemas matemáticos de forma verbal e gráfica, interpretando os datos e gráficas estadísticas, utilizando as ferramentas tecnolóxicas necesarias.	PE	100
CA5.4 - Xeneralizar patróns e proporcionar unha representación computacional de situacións problematizadas.	Xeneraliza patróns de cálculo de parámetros estadísticos e proporciona unha representación computacional de situacións problematizadas.		
CA5.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando, xeneralizando e creando algoritmos.	Modeliza situacións e resolve problemas de forma eficaz organizando os datos en táboas e gráficos estadísticos.		
CA5.6 - Propoñer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Propón situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas relacionadas coa mostraxe, valorando a representatividade das mostras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estadísticos dunha e dúas variables. - Recollida e organización de datos dunha situación da vida cotiá que involucre unha e dúas variables. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas mediante medios dixitais para interpretar a información estatística e obter conclusións razoadas. - Cálculo das medidas de posición e dispersión máis relevantes para dar resposta a cuestións expostas en investigacións estadísticas. - Comparación de distribucións de datos atendendo a medidas de posición e dispersión. - Interpretación da relación entre dúas variables. Análise gráfica do tipo de relación e pertinencia de realizar unha

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - regresión lineal. - Axuste lineal con ferramentas tecnolóxicas. - Inferencia. - Deseño de estudos estatísticos reflexionando sobre as diferentes etapas do proceso. Selección da mostra. - Presentación e interpretación de datos relevantes en investigacións estatísticas. - Utilización dos métodos e as ferramentas dixitais adecuadas en investigacións estatísticas.

UD	Título da UD	Duración
11	Matemáticas para a vida en sociedade	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconceito matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Identifica e xestiona as emocións propias, desenvolve o autoconceito matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	TI	100
CA6.2 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	Mostra unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.		
CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Traballa e colabora activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utiliza o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.		
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Xestiona a repartición de tarefas do equipo, achegando valor ao grupo mesmo, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. - Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións.

Contidos

- Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo.
- Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos.
- Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Actitudes inclusivas para acoller a diversidade presente na aula e na sociedade.
- Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas metodolóxicas básicas son as seguintes:

- O ensino partirá dos coñecementos e experiencias previas das alumnas e dos alumnos; estas e estes deberán, lóxicamente, aportar o seu esforzo para adquirir os novos contidos.
 - No inicio de cada tema, procurará facerse unha introdución que xustifique o seu estudo, e que sirva de motivación, ademais de explicar o que se pretende acadar. Se se considera conveniente, farase un repaso dos conceptos previos necesarios para o desenvolvemento do mesmo. Esta introdución partirá, preferiblemente, dunha situación real, ben sexa un problema da vida cotiá ou ben científico, facendo fincapé na aplicación e utilidade das matemáticas neses ámbitos, sen prescindir do rigor propio do nivel no que estea o alumnado.
 - A acción na aula presentará un conxunto ordenado de informacións que amplíen gradual e razonadamente os coñecementos de partida do alumnado, e procurará predispoñer favorablemente a este ante a materia.
 - Os exemplos e exercicios terán unha gradación crecente de dificultade.
 - Un resumo final do tema resulta útil para tratar de afianzar as ideas nel adquiridas.
 - A metodoloxía activa e participativa que se pretende aplicar esixe, evidentemente, unha intensa actividade por parte do alumnado, para establecer relacións entre os novos contidos e a súa propia estrutura cognitiva.
 - As actividades teórico-prácticas propostas contribuirán a evitar as dificultades de asimilación mediante unha boa secuencia de contidos, orientando aos alumnos e alumnas para superalas; e terán como finalidade o logro dos obxectivos da ESO, así como das competencias clave correspondentes a cada nivel.
- En xeral, os resultados das metodoloxías escolares e a adquisición de pautas de conduta polo alumnado son consecuencia dun proceso no que o profesorado ten un papel importante, xunto coa familia e o resto da sociedade.

Na ESO, a metodoloxía específica incluirá:

- A atención á diversidade de capacidades e intereses, que se levará a cabo mediante medidas organizativas (programas de mellora da aprendizaxe en 2º e 3º, ou os cursos de Formación profesional básica) ou curriculares (como actividades de reforzo ou ampliación).
- A promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico.

MÉTODOS DE ENSEÑANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgúns partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a

interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaránse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e axuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación

Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Ordenadores EDIXGAL
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das calses terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo. Ademais tamén se utilizarán os ordenadores EDIXGAL

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	8	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	100
Proba escrita	0	80
Táboa de indicadores	100	20

Criterios de cualificación:

Probas escritas:

En toda proba escrita, figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta.

O profesor ou profesora dará a coñecer as normas e criterios xerais de corrección das probas escritas, que serán os seguintes:

- Non é necesario responder as preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio ou problema que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
- É obrigatorio escribir con bolígrafo. Non se admitirán exames feitos con lapis.
- A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, podendo chegar a ter unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
- Se un mesmo exercicio, problema ou cuestión se resolve de dous ou máis xeitos diferentes, terase en conta unicamente a resolución que apareza en primeiro lugar.

Sistema de cualificación das probas escritas:

A cualificación de calquera proba escrita darase cun número entre 0 e 10, que poderá levar decimais.

Sistema de redondeo dunha nota final de avaliación parcial, ordinaria ou extraordinaria e de recuperación: Unha vez que se teña unha nota final, en todos os casos redondearase da seguinte maneira: nota menor que $x,5$ redondearase a x ; nota maior ou igual que $x,5$ redondearase a $x+1$.

Instrumentos e sistemática de avaliación para 4º de ESO:

Realizaranse tres avaliacións parciais. Durante cada trimestre, a profesora ou o profesor realizará como mínimo dúas probas escritas que se basearán nos criterios de avaliación das unidades avaliadas, tendo como finalidade a consecución dos obxectivos mínimos relativos a elas.

Se a porcentaxe de materia que entra en cada exame non é similar á media poderá ser ponderada, é dicir, terá máis peso aquel exame con maior cantidade de materia. Este peso estará indicado na proba.

A incomparecencia non xustificada a un exame implicará unha nota de 0 nese exame. Pola contra, no caso de non poder asistir a un exame por un motivo xustifico, o profesor ou a profesora poderá establecer outra data para facelo, ou determinar unha cualificación en función dos datos que ten da/o alumna/o ata ese momento.

Cualificación dunha avaliación parcial:

A obtención da cualificación dunha avaliación parcial realizarase da maneira seguinte:

- A cualificación numérica obtida da media (ponderada de ser o caso) das probas escritas realizadas suporá o 90% na cualificación da avaliación parcial (nota conceptual).

- O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán os traballos propostos (individuais ou cooperativos), o caderno de aula, as actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñane a observación diaria na aula:

a) 5% da nota: traballo na casa, (ben observado directamente ou ben revisando o caderno de clase) e caderno de traballo (valorarase a presentación e os contidos no caderno de clase). Criterios de puntuación: Pártese de 0 puntos e súmase ou réstase ata un máximo de 0,5 puntos. (+ suma 0.1; - resta 0.1)

b) 5% da nota: Observación diaria. Teranse en conta a participación do alumnado no desenvolvemento da clase e o traballo na aula. Criterios de puntuación: Pártese de 0 puntos e vaise restando ou sumando ata un máximo de 0,5 puntos (+ suma 0.1; - resta 0.1).

A cualificación final da avaliación parcial será a suma das notas conceptuais e de traballo na casa e na clase, redondeando a unidades como se indicou nos aspectos xerais, tendo en conta as seguintes consideracións:

- Se a nota conceptual é inferior a 3 entón a nota máxima na avaliación será como máximo de 4.

Sistemática no caso de copia nun exame:

Se un profesor ten indicios de que un alumno copiou nun exame, xa sexa porque o detecta copiando ou ben polas similitudes co exame dun compañeiro, poderá esixir a este/estes a repetición do mesmo ou ben considerar dito exame como suspenso, cunha nota de 1 a todos os efectos. Enténdese que se o exame é unha proba parcial dunha avaliación, dita nota 1 será a considerada a efectos de facer a media para calcular a nota da avaliación; se o exame é unha recuperación dunha avaliación dita nota 1 será a conceptual a efectos de calcular a nota da recuperación; se o exame é o final dita nota será de 1 na avaliación final e se o exame da convocatoria extraordinaria dita nota será de 1 na avaliación final extraordinaria.

Se un alumno ou alumna ten superadas todas as avaliacións parciais (cualificación igual ou maior que 5 en cada unha delas), ben de forma ordinaria ou ben nas recuperacións, a cualificación final ordinaria será a media aritmética das tres cualificacións parciais redondeada segundo se indicou nos criterios xerais.

Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Deberán realizar a avaliación final aqueles alumnos ou alumnas que teñan: unha, dúas ou as tres avaliacións suspensas. Para eso realizarase unha proba específica cos contidos das avaliacións suspensas antes da avaliación ordinaria. A cualificación final ordinaria será a media aritmética das cualificacións das avaliacións aprobadas e a proba ou probas específicas das non aprobadas redondeada segundo se indicou nos criterios xerais.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Neste curso temos un alumno con NEAE. Para este alumno, a coordinación co equipo de Pedagogía Terapéutica é fundamental. Neste caso o alumno segue o protocolo proporcionado polo departamento de Orientación na aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

4. O fomento do espírito crítico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao MUNCYT	Realizarase unha visita ao museo MUNCYT para apreciar a aplicación das matemáticas en diversos ámbitos coñecemento.			X
Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.	Proporase ao alumnado de bacharelato, e a aquel alumnado da ESO con aptitudes excepcionais, a participación na Fase Autonómica Galega da Olimpiada Matemática Española organizada pola USC.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
6. Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
1. Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
3. Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
4. Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Medidas de atención á diversidade
2. Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado5. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
8. Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
9. Atención adecuada á diversidade do alumnado
11. Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Clima de traballo na aula
5. Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
10. Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
12. Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica o decreto 156/2022 no seu artigo 24.4 (CAPÍTULO IV) hai que avaliar “os procesos de ensino” e a propia “práctica docente”, para o que se establecerán “indicadores de logro”. Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013636	IES María Sarmiento	Viveiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	31
7.2. Actividades complementarias	33
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	35

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado. O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abrú novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo, adoitando diferentes roles dentro do mesmo.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzaranse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Como nos cursos anteriores, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación continúan articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica, que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción": contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte, e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica»: con este bloque de contidos preténdese a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, coma do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas»: aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con este bloque propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes; un achegamento que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 4º curso de ESO, a materia centrarase nun coñecemento máis profundo da música a través da interpretación instrumental, vocal ou dancística, da creación, da improvisación, das aplicacións tecnolóxicas e dixitais, da escoita activa e da análise crítica e reflexiva de obras ou fragmentos musicais, escénicos ou dancísticos de diferentes estilos e culturas do mundo, facendo especial fincapé nas manifestacións musicais de Galicia e de España.

Esta proposta didáctica busca a aprendizaxe global dos contidos da materia a través de unidades heteroxéneas que abranguen os contidos dos diferentes bloques e conecten os coñecementos aprendidos. Traballaranse moitos dos contidos non só na unidade na que aparecen presentados por primeira vez, senón nas seguintes unidades, para que sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos. O desenvolvemento das destrezas musicais precisa da asimilación dos conceptos previos para poder construír novas estruturas máis complexas a través da aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio e de saber poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través da experiencia podemos comprender o mundo en si da

música, os seus contidos, a importancia do traballo en equipo, da perseveranza, da autonomía e do compromiso cos demais, no que supón subirse a un escenario para estrear un proxecto. En conclusión, é a esa experiencia da música á que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio!	Unidade introductoria aos elementos que conforman a existencia da música: o son, o ruído e o silencio. Tamén aos contidos relacionados coa súa práctica: escoita	5	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Silencio!	<p>activa e, posterior análise reflexiva dos parámetros que conforman a música e da súa práctica interpretativa.</p> <p>Nesta unidade, e desde unha perspectiva sensible e crítica, o alumnado reflexionará sobre a importancia do silencio, as causas da contaminación sonora e o uso indiscriminado da música. Así mesmo, retomaré o contacto coa linguaxe musical, coa lectura e a interpretación instrumental ou vocal.</p> <p>Ademais, servirá de avaliación inicial dos coñecementos acadados polo alumnado nos cursos anteriores</p>	5	2	X		
2	A linguaxe da música	<p>Unidade que abrangue os contidos do coñecemento práctico da linguaxe da música, da harmonía, da forma e da textura. A partir da análise, lectura e interpretación de partituras o alumnado aprenderá os contidos rítmicos, melódicos, harmónicos, etc., que lle permitirán crear, interpretar, entender e coñecer dende unha perspectiva máis técnica as diferentes manifestacións musicais.</p>	5	9	X		
3	As mulleres na Música, os homes na Danza	<p>Con esta unidade, no inicio do curso, preténdese desmitificar os roles de xénero e romper os estereotipos tan ligados á música e á danza, e que, a día de hoxe, aínda están sumamente arraigados na sociedade. A través dunha viaxe pola historia da música ata a actualidade, saberemos da existencia de grandes compositoras e intérpretes mulleres que quedaron no esquecemento, de como o ballet nace sendo masculino, entroques hoxe en día as academias de ballet adoecen da falta de alumnos varóns, a pesar de que ao longo da historia son os que recibiron o recoñecemento como coreógrafos. Así mesmo, reflexionaremos sobre a situación actual das mulleres na música e dos homes na danza.</p> <p>Isto farémolo a través da investigación, do visionado, da escoita activa, da análise crítica e da interpretación musical e dancística.</p>	10	12	X		
4	O Jazz. Orixes e evolución	<p>Nesta unidade coñeceremos as orixes do Jazz, as súas características e a súa evolución e influencia nos estilos que deron lugar á música popular. E farémolo a partir dun coñecemento básico e xeral das súas especificidades, dunha selección de artistas, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia; da escoita activa</p>	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O Jazz. Orixes e evolución	e da análise crítica e reflexiva de audicións representativas dos diferentes estilos, da linguaxe musical, da lectura rítmica e melódica de partituras e da interpretación e improvisación vocal e instrumental.	10	9	X		
5	A música popular urbana	Nesta unidade achegarémonos á música popular urbana desde a súa orixe ata a actualidade por medio dun coñecemento práctico tanto dos principais estilos e das súas características definitorias como dunha selección entre os diferentes grupos, compositoras e compositores, e intérpretes máis emblemáticos de EE UU, Europa, España e Galicia. A través da interpretación vocal, instrumental e coreográfica, da composición musical e coreográfica, da escoita activa e do visionado, da análise reflexiva e crítica de audicións ilustrativas e das súas linguaxes (estética, xestual e textual); e na linguaxe musical, a rítmica, a melódica, a harmónica e a organolóxica.	10	15		X	
6	A música nos medios e producións audiovisuais	Nesta unidade coñeceremos a presenza, funcións e importancia da música nos diferentes medios audiovisuais e tecnolóxicos: cinema, radio, televisión, publicidade, vídeoxogos, videoclips, etc. Ademais, e desde unha perspectiva histórica, faremos un percorrido xeral pola historia da música no cine, e achegarémonos ás orixes da evolución, ata actualidade, dos máis importantes sistemas de gravación e reprodución de son e imaxes, e das ferramentas dixitais actuais para a recepción, gravación e edición musical. Así mesmo, coñeceremos o papel que desempeñaron e desempeñan estes medios, a industria discográfica e a internet na difusión da música. Isto faremolo a través do visionado, da escoita activa e da análise crítica de diferentes manifestacións musicais nos diversos medios. Tamén, a través da interpretación e da creación de proxectos audiovisuais onde a música sexa a protagonista.	10	7		X	
7	As músicas do mundo	A música é inherente ao ser humano. En todas as culturas do mundo, a música forma parte da vida das persoas; é un reflexo da súas tradicións, dos seus costumes, da súa propia idiosincrasia. Nesta unidade coñeceremos as tradicións, os instrumentos e as linguaxes musicais	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	As músicas do mundo	das culturas máis emblemáticas. A través do coñecemento das características definitorias de cada cultura, e con apoio do visionado, da escoita activa, da análise crítica, da improvisación e interpretación musical e dancística, coñeceremos máis o noso mundo. Ademais, tomaremos conciencia de que as diferenzas culturais son unha riqueza, e de que o que en aparencia parece separarnos, en realidade forma parte da nosa esencia.	10	10		X	
8	A música e a danza en España	Nesta unidade aprenderemos a grande diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música tradicional española. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do acervo musical e dancístico do noso país. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical ou dancística coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música española.	10	10			X
9	A música e a danza en Galicia	Nesta unidade aprenderemos a diversidade e riqueza das manifestacións musicais e dancísticas da música culta, popular e tradicional galega. A partir dun coñecemento básico dos períodos, das características principais, dos xéneros e estilos, das voces, dos instrumentos e agrupacións, das compositoras e compositores, achegarémonos ás mostras máis emblemáticas do noso acervo musical e dancístico. A través do visionado, da audición activa, da análise de audicións e partituras, da interpretación musical e dancística, coñeceremos as formas, as harmonías, as texturas e os elementos da linguaxe musical máis presentes na música galega.	10	7			X
10	A música nas artes escénicas	Nesta unidade estudaremos as artes escénicas nas que está presente a música: a danza contemporánea, o ballet, a ópera e as súas variantes, o musical etc. A través dun coñecemento básico das súas especificidades, do visionado de exemplos ilustrativos, da interpretación vocal, instrumental, coreográfica e dancística, aprenderemos a importancia, presenza e función que desempeña a música en todas	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	A música nas artes escénicas	elas. Así mesmo, coa planificación, realización, participación, actuación e gravación de propostas musico-escénicas e coreográfico-dancísticas o alumnado adquirirá significativamente os contidos e tomará plena conciencia da importancia da música nestas artes.	10	15			X
11	Todos a escena!	Esta unidade é transversal para todo o curso. O alumnado irá facendo ao longo do ano un repertorio de pezas extraído das diferentes unidades didácticas nas que a interpretación instrumental, vocal ou dancística estea presente. Este repertorio será interpretado en público cara o final do curso ou en diferentes momentos segundo as circunstancias ou evolución do alumnado. Os concertos ou as postas en escena serán produto do traballo colaborativo (formación orquestral, coral ou grupal no que aos contidos de danza se refire). A posibilidade da gravación e posterior edición de cada posta en escena servirá de peche do proceso creativo e contribuirá ao desenvolvemento persoal do alumnado.	10	9	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Silencio!	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Distinguir os efectos que o uso indiscriminado da música e da contaminación sonora provoca na saúde das persoas a partir da análise de contextos nos que se reflicte a súa incidencia	PE	20
